
DOWN Galicia

Revista informativa trimestral

Número 30· **Outubro 2023**



Down Galicia denuncia á Consellería de Educación pola orde discriminatoria de axudas a material escolar

O Festival de la Luz celebra unha nova edición a favor do Movemento Down

Así foi a primeira xuntanza online de irmáns a nivel autonómico

Premio Insua dos Poetas á Federación pola súa traxectoria social

Nova actualización da **guía de normas e recomendacións sobre Lectura Fácil** ➜

Índice

Denuncia a Educación por discriminar nas axudas escolares 2

Primeira xuntanza autonómica de irmáns 4

O Festival de la Luz 2023, solidario co Movemento Down 6

Premio Insua dos Poetas a Down Galicia 8

Actualizada a guía de normas sobre Lectura Fácil 9

Magníficos resultados nas probas de Competencias Clave 10

Vacinación da gripe e Covid-19, recomendada ao colectivo 12

Esforzo e dedicación nos procesos de oposición 14

Verán cheo de actividades para os membros de Down Lugo 15

Nova experiencia de vida independente en Down Coruña 16

Galfor contrata a rapaces e rapazas de Down Ourense 18

Teima asina convenio coa Deputación da Coruña 18

Séguenos, subscríbete e contacta 19

© Publicación da Federación Down Galicia

Textos e deseño realizados polo Departamento de Comunicación



Membros de Down Vigo nunha saída en verán

Down Galicia denuncia á Consellería de Educación pola discriminatoria orde de axudas para material escolar

A Federación Down Galicia presentou no mes de xullo un recurso contencioso administrativo contra a Orde do 10 de maio de 2023 pola que se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, ESO e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2023/24 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

O motivo non é outro que a clara discriminación da normativa cara o alumnado que aposta pola educación inclusiva, xa que vulnera claramente os seus dereitos fundamentais.

Esta orde incorpora un réxime diferenciado e específico nas axudas dos libros de texto para, por un lado, o alumnado matriculado en Educación Especial, en centros específicos ou en unidades de Educación Especial de centros ordinarios; e, por outro, para o alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 65%.

En primeiro lugar, a orde indica que "para o alumnado matriculado en EE, en centros específicos ou en unidades de EE de centros ordinarios (…) a contía das axudas será de 300€ con independencia da renda per cápita da unidade familiar"; é dicir, reciben a contía máis alta sen ningún tipo de requisito máis que estar matriculado nun centro de educación especial.

Mentres que a contía da axuda para o alumnado con discapacidade escolarizado en educación ordinaria dependerá da renda per cápita da unidade familiar, e non alcanza en ningún momento a cantidade máxima. O alumnado escolarizado en centros ordinarios está, polo tanto, menos apoiado que o matriculado en centros de educación especial ou similar.

En segundo lugar, aqueles alumnos ou alumnas cunha discapacidade igual ou superior ao 65% reciben a contía máis alta sen ter que cumprir ningún outro requisito. Pero a diferenciación por mor do grao de discapacidade é discriminatoria, xa que non existe motivo razoable nin proporcionado para entender que, en canto a unha prestación de carácter económico coa finalidade desta orde, un grao de discapacidade poida supoñer, a priori, máis ou menos axuda en libros de texto e material escolar entre alumnado con necesidades específicas de apoio educativo similares.

Igualmente, no apartado destinado ás axudas para material escolar, o alumnado matriculado na modalidade específica ou cunha discapacidade superior ao 65% recibe sen requisitos a contía máxima, mentres que a cantidade recibida polo alumnado matriculado na educación ordinaria dependerá da renda per cápita familiar.

Vulneración da normativa vixente

A Federación Down Galicia considera que a orde de axudas para libros de texto e material escolar da Xunta de Galicia vulnera varias normativas vixentes no noso país.

Por un lado, contravén o dereito á educación inclusiva incluído na Convención Internacional dos Dereitos das Persoas con Discapacidade, ratificada por España no ano 2007 e polo Parlamento de Galicia ao ano seguinte, sendo, por tanto, de obrigado cumprimento.

Por outra banda, a normativa autonómica fomenta claramente o réxime da educación segregada, contradicindo os artigos 14 e 27 da Constitución Española e a xurisprudencia do Tribunal Constitucional e do Tribunal Supremo existente na materia.

A diferencia de trato entre o alumnado que escolle a educación inclusiva e o que prefire a específica non ten razón de ser, xa que non está xustificada. Estase, por tanto, discriminando sen motivo o dereito do propio alumnado a recibir os axustes razoables necesarios e condicionando o acceso a un dereito fundamental como é a educación inclusiva.

A propia orde de axudas nomea na súa introdución a Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio que recolle no seu artigo 83 o establecemento de bolsas e axudas ao estudo para garantir a igualdade do dereito á educación. Sen embargo, a aplicación real da normativa da Consellería vulnera esa mesma formulación, excluíndo a parte do alumnado e negándolle a igualdade de oportunidades e condicións.

En consecuencia, o tratamento desigual que reciben na convocatoria as situacións do alumnado por mor do grao de discapacidade e polo tipo de escolarización non é respectuoso co dereito á educación inclusiva, de calidade, gratuíta e en igualdade de condicións, establecido na normativa.



Sesión de inclusión educativa en Down Ourense

Case 10 anos reivindicando a modificación da Orde

A reivindicación do Movemento Down en Galicia, iniciada no ano 2014, céntrase simplemente na necesidade de que todo o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo sexa tratado en igualdade de condicións, independentemente do seu grao de discapacidade ou do tipo de escolarización. É dicir, que a orde contemple os mesmos requisitos para o alumnado con discapacidade igual ou superior ao 33% independentemente do centro educativo que escolla para ser educado: ordinario ou específico.

A presentación deste recurso contencioso administrativo non foi unha decisión doada de tomar. Down Galicia chega a esta medida tras nove anos de escritos, solicitudes de reunión, recursos de reposición, envío de argumentacións e promesas de modificación que nunca chegaron.



Delmiro Prieto, presidente de Down Galicia, durante a rolda de prensa

Delmiro Prieto, presidente de Down Galicia, explica que "tras case dez anos procurando que a Consellería de Educación rectifique unha orde que é claramente discriminatoria para o alumnado escolarizado na educación ordinaria, contravindo calquera principio de inclusión educativa e vendo que seguen na mesma liña; e incumprindo a súa promesa de traballar en conxunto antes da súa publicación, optamos por acudir á vía xudicial para que a xustiza se pronuncie sobre este tema". Prieto incide en que a orde "é discriminatoria e, loxicamente, vulnera principios fundamentais das persoas con necesidades específicas de apoio educativo que apostan pola verdadeira educación inclusiva".

É por iso que a entidade decide recorrer a esta medida, intentando que as ordes dos próximos anos sexan xustas e igualitarias para con todo o alumnado con discapacidade.

Así mesmo, desde a Federación contemplouse a posibilidade de solicitar medidas cautelares, pero a idea foi desbotada para non prexudicar a tódalas familias solicitantes destas axudas ante a posibilidade de quedar estas en suspensión.

Para a defensa deste recurso, Down Galicia decidiu contar con Juan Rodríguez Zapatero, experto en dereito administrativo e en cuestións xurídicas sobre discapacidade, especialmente, sobre educación inclusiva.

Down Galicia organiza a primeira xuntanza autonómica de irmáns e irmás de persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais

O pasado venres 29 de outubro, persoas vencelladas ás entidades Down de toda Galicia participaron na xuntanza autonómica online de irmáns e irmás de persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

Este encontro, primeira toma de contacto entre elas, serviu de escenario para a posta en común de diferentes cuestións de interese, como propostas de mellora para as entidades Down, suxestións para aumentar a participación no día a día das mesmas, o intercambio das distintas experiencias vividas ata o momento e a exposición das preocupacións actuais, entre outras.

No remate da xuntanza, os e as participantes coincidiron na necesidade de contar con máis espazos coma este, onde intercambiar ideas, consellos e información, e manifestaron o seu interese en repetir o vindeiro ano.

A importancia dos irmáns e irmás

Os irmáns e as irmás das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais son un piar fundamental das súas vidas. Algo que tamén sucede á inversa.

Teñen unha posición privilexiada á hora de detectar algunhas das necesidades e reclamos que ten a persoa con discapacidade, e son tamén os principais valedores dos seus irmáns e irmás e quen máis lles impulsan cara a unha vida autónoma e independente.

Deste xeito, é importante contar con grupos de apoio de irmáns e irmás de persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, xa que haberá determinados temas ou situacións que outro irmán ou irmá entenderá mellor e ofrecerá outra visión ou punto de vista.

Así, nestes encontros búscase crear vínculos entre irmáns e irmás de persoas con discapacidade intelectual e capacitalos para que se convertan nun referente para a persoa con discapacidade e impulsen a súa autonomía e independencia persoal, nun espazo no que facer oír e valer a súa opinión.





O público no Festival de la Luz 2023

Down Galicia foi a entidade beneficiaria do Festival de la Luz 2023

Un estupendo espectáculo cunha fin exemplar! O coñecido Festival de la Luz destinou os beneficios desta edición 2023 á Federación Down Galicia.

Este evento, creado por Luz Casal no ano 2012, naceu como un festival familiar, comprometido co rural e de carácter solidario, no que edición tras edición a recadación acadada coa venda das entradas é entregada a unha ou varias entidades sociais.

Así, os días 25, 26 e 27 de agosto púidose desfrutar en Boimorto de actuacións musicais do máis variadas: Heredeiros da Crus, Rayden, Vicco, Viva Suecia, Reincidentes, O'Funk'illo, The Real Mckenzies, Brothers in Band, Ladilla Rusa, Locomía, Luar na Lubre ou El Langui, entre máis de 30 artistas.

Para acompañar a música, o Festival da Luz contou cun mercado de artesanía, exposicións e un gastroespazo con cociñeiros galegos de renome. Outro dos acenos de identidade do festival é o seu carácter familiar, polo que o público infantil é o gran protagonista. Por iso, a cativada contou cunha zona exclusiva e un programa lúdico especialmente creado para ela, no que tiveron numerosas actividades, talleres, xogos tradicionais e ata un escenario que ofreceu actuacións musicais, cantaxogos e máis sorpresas.

Desde a Federación Down Galicia damos as grazas ao Festival de la Luz por escoller á nosa entidade para ser a beneficiaria da recadación do evento ♡

Premio Insua dos Poetas a Down Galicia polo seu labor no eido da acción social

O pasado sábado pola mañá tivo lugar a XV Festa da Palabra na paraxe de Esgueva, en Madarnás, O Carballiño. Este encontro anual a prol da literatura e artes galegas estivo dedicado a Arcadio López-Casanova, histórico poeta e ensaísta lucense da xeración dos Novísimos que faleceu en abril do ano pasado. O evento acolle tamén os Premios Insua dos Poetas, nos que a Federación Down Galicia foi galardoada nesta edición na categoría de Acción Social.

O evento, organizado pola Fundación Insua dos Poetas cada mes de xullo, celebra a natureza, a literatura e as artes plásticas, pero tamén celebra a diversidade, a igualdade, a liberdade e o traballo doutras entidades ou persoas a través dos seus premios.

O xurado dos galardóns foi quen decidiu premiar "o importantísimo labor que a Federación Down Galicia está a realizar". Deste xeito, Rafael Cabezas, membro da Xunta Directiva da entidade, foi a persoa designada a recoller o galardón xunto ao seu fillo Rafael, usuario de Down Ourense. Alén do recoñecemento, a Fundación entregou unha peza escultórica do ourensán Acisclo Manzano.

No resto de categorías, Concha Blanco, foi premiada na modalidade de literatura galega; o fotógrafo Xulio Xil, en creación artística; a Festa da Istoria, como iniciativa cultural e a Fundación Eira na modalidade de defensa do medio natural. Tamén se recoñeceu o papel da cultura galega no exterior, cos emigrantes en Buenos Aires Dora Pegito e José María Magoso. Como colectivo ou institución destacada do Carballiño, premiouse ó Club Deportivo Arenteiro.

Desde 2009, a Festa da Palabra homenaxeou á figura de distintos persoeiros como Ramón Piñeiro, Arturo Baltar, Xosé María Díaz de Castro, Celso Emilio Ferreiro, os poetas do Rexurdimento, Eduardo Blanco Amor, Francisco Luis Bernárdez, Pura e Dora Vázquez ou Carlos Casares, entre outros. Á listaxe súmase agora Arcadio López-Casanova, membro de honra da Real Academia Galega.

A Federación Down Galicia agradece publicamente á Fundación Insua dos Poetas e ao xurado o seu recoñecemento ao traballo que as entidades Down galegas desenvolven desde hai trinta anos nas catro provincias do país.



Entrega do Premio Insua dos Poetas a Down Galicia

Down Galicia lanza unha actualización da súa guía con normas e recomendacións sobre lectura fácil

A Federación Down Galicia vén de actualizar a súa guía informativa sobre lectura fácil co obxectivo de promover a inclusión das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

Este documento, sinxelo e explicativo, pode servir de axuda a todas aquelas persoas que queiran realizar materiais de fácil comprensión, que non só son útiles para as persoas con discapacidade intelectual, senón tamén para persoas con trastornos da aprendizaxe, dislexia, senilidade ou persoas migrantes, cunha incorporación tardía á lectura ou cunha escolarización deficiente, entre outras.



Lendo en Down Compostela

Nas súas páxinas poderemos atopar normas xerais para a elaboración de materiais de lectura fácil, criterios de lexibilidade, criterios de comprensión, pautas para a elaboración ou adaptación de materiais, consellos e recomendacións, así como bibliografía relacionada ou páxinas web de interese.

Que é a lectura fácil?

A lectura fácil é a metodoloxía que se utiliza para facilitar o acceso á información a todas aquelas persoas que teñen unha capacidade de comprensión lectora máis baixa. Trátase de redactar a información con frases sinxelas, curtas e directas. Non se trata de eliminar información, senón de facela máis comprensible.

É necesario un maior impulso e concienciación sobre o uso da lectura fácil para avanzar de xeito real cara a unha sociedade que inclúa a todas as persoas, posto que unha sociedade inclusiva de verdade deber facilitar que todos os seus membros poidan acceder a todas as áreas de coñecemento e participación.

Guía de Lectura Fácil

Magníficos resultados dos mozos e mozas de entidades Down nas probas de Competencias Clave

Un ano máis, as persoas usuarias de entidades Down de Galicia que realizaron as probas de nivel 2 e nivel 3 de Competencias Clave obtiveron uns excelentes resultados, xa que dos 27 exames aos que se presentaron o pasado 20 de maio en Silleda, foron superados 24 deles, o que supón un 89% de aprobados.

No caso das Competencias Clave de nivel 2 houbo un 100% de aprobados, mentres que nas de nivel 3 superáronse o 67% dos exames. Estes magníficos resultados evidencian a boa preparación e o gran esforzo das 10 persoas participantes, pertencentes ás entidades Down de Ferrol e Lugo.

Como xa sucedeu en anteriores convocatorias, as persoas participantes coa síndrome de Down ou outra discapacidade intelectual examináronse en igualdade de condicións que o resto das máis de 2.100 persoas que estaban convocadas nesta ocasión. Para que fose posible, foron solicitadas as adaptacións dos exames a lectura fácil para facilitar a súa comprensión, a ampliación da letra e do tempo para cada unha das probas e a presencia de persoal de apoio para solucionar as posibles dúbidas existentes durante toda a xornada.

Neste sentido, as entidades Down en Galicia destacan a importancia de concorrer a este tipo de probas a través do sistema ordinario. Asegúrase, deste xeito, a inclusión social atendendo á diversidade de cada individuo e garántese que todas as persoas teñan as mesmas oportunidades de acceso e participación tendo en conta as súas necesidades.

As probas de Competencias Clave

As probas de Competencias Clave están pensadas para que as persoas que non posúen os requisitos de formación básica (ESO ou Bacharelato) poidan demostrar as súas capacidades e coñecementos co obxectivo de acceder á formación para o emprego. Así, estas probas convértense en unha das vías de acceso aos certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2 e 3, xa que as persoas que as superan están acreditando uns requisitos formativos que asegurarán que posúen os coñecementos necesarios para acceder aos diferentes cursos.

Hai 4 competencias clave (lingua galega, española, estranxeira, e matemáticas) e para cada unha hai dous niveis. O nivel 2 correspóndese co título de Graduado en Educación Secundaria ou equivalente, e o nivel 3 correspóndese con Bacharelato ou equivalente..


200 PUNTOS
POR 250 PUNTOS
¿Qué é a manbriga?

Vacinación contra a gripe estacional e Covid-19 para as persoas coa síndrome de Down

As persoas coa síndrome de Down presentan unha maior vulnerabilidade ante a gripe debido á alteración da resposta inmune asociada á trisomía 21. Por iso, desde Down España, tendo en conta as consideracións do seu Comité Médico Asesor, recomendan a vacinación anual fronte á gripe estacional a todas as persoas coa síndrome de Down maiores de 6 meses, seguindo a pauta do calendario de vacinación.

Ademais, recoméndase administrar unha dose de reforzo da vacina contra a Covid-19 a todas as persoas coa síndrome de Down, co obxectivo de reducir tanto o impacto da enfermidade en caso de contaxio como o efecto que esta pode ter a longo prazo en forma de Covid persistente.

Ambas as vacinas teñen por obxectivo protexer á poboación, especialmente aos grupos con maior risco de presentar complicacións en caso de padecer a enfermidade. As dúas vacinas poden ser administradas ao mesmo tempo, sen que exista ningunha contraindicación para iso.

Estas recomendacións de vacinación contra a gripe e Covid-19 fanse extensibles á contorna das persoas coa síndrome de Down (familiares, convivintes…), especialmente a aquelas persoas de idade avanzada ou que presenten outros factores de risco. Ademais, a recomendación esténdese tamén a persoal de centros sanitarios e sociosanitarios.

A campaña de vacinación en Galicia

En Galicia, a campaña de vacinación comezará o próximo día 25 de setembro e prolongarase ata o 31 de decembro.

Do mesmo xeito que en campañas anteriores, a vacinación levarase a cabo en diferentes puntos e o inicio será secuencial para favorecer a priorización dos colectivos con maior risco. Así, as persoas institucionalizadas en residencias de maiores e centros de discapacidade serán vacinadas a partir do 25 deste mes na súa contorna por equipos específicos, ofrecendo a vacina fronte á gripe e a Covid-19.

Pola súa banda, os servizos de atención primaria administrarán a vacina fronte a gripe e Covid-19 ás persoas de 80 e máis anos, que serán citadas mediante unha mensaxe de texto. Así mesmo, vacinaranse a domicilio ás persoas inmobilizadas que pertenzan aos grupos diana e os hospitais públicos dispoñerán de doses da Covid-19 e gripe para a vacinación dos grupos de alto risco.

Ademais, habilitaranse grandes recintos ao longo do mes de outubro nas áreas sanitarias e distritos para a vacinación conxunta fronte á gripe e a Covid-19 dos menores de 80 anos, que tamén serán citadas por mensaxe de texto.

A Xunta de Galicia indica tamén que os puntos de vacinación da gripe habituais como son os centros de saúde, hospitais, centros privados, residencias, e mutuas, só administrarán a vacina fronte á gripe. Nestes puntos, o ou a paciente pedirá a cita cando corresponda segundo a secuencia establecida.

Esforzo e dedicación no proceso selectivo estatal para o ingreso como persoal de tarefas complementarias de apoio

A finais do pasado ano 2022, 19 persoas vencelladas a entidades Down participaron no proceso selectivo para ingreso por acceso libre, como persoal laboral fixo no grupo profesional E0, especialidade tarefas complementarias de apoio, en prazas reservadas para ser cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual.

Da totalidade de persoas que se presentaron, aprobaron o primeiro exame 16 delas, o que supón un 84% de probas superadas, e 5 pasaron á fase de concurso.

Nestes momentos, trala publicación da valoración provisional desta segunda fase do proceso selectivo, 1 persoa vencellada ao Movemento Down en Galicia continúa con posibilidades de conseguir un dos ansiados postos.

Desde Down Galicia desexamos que poida ver cumprido o seu desexo e felicitamos tamén a todas as demais persoas participantes no proceso polo esforzo e a dedicación amosados neste proceso.

Reclamación para a descentralización das probas

Por outra banda, a Federación Down Galicia leva meses reclamando á Secretaría de Estado de Función Pública do Ministerio de Facenda e Función Pública a descentralización destas probas, como xa se fixo con outros procesos selectivos estatais.

Solicítase un mínimo dunha localización en cada Comunidade Autónoma na que se oferten prazas, aumentando significativamente desta forma as opcións de participación dun gran número de persoas e facilitando a accesibilidade ás mesmas, se se ten en conta o transporte público dispoñible.



Membros de Down Pontevedra Xuntos preparando oposicións

Un verán cheo de actividades para os mozos e mozas de Down Lugo

A axenda dos mozos e mozas usuarias de Down Lugo estivo repleta de eventos e actividades durante todo este verán. Cultura, natureza, tecnoloxía, deporte, ecoloxismo… todo tivo cabida nestes meses estivais.

Así, as persoas usuarias da entidade puideron desfrutar de plans tan variados como visitar unha exposición no Museo Interactivo da Historia de Lugo, realizar un taller de lettering, andainas por Foz e pola Ruta das Chousas, participar nun taller de DJs no barrio da Milagrosa, visitar a Aula da Natureza do Veral, elaborar cadernos de campo en Sargadelos-Cervo, facer ioga ao aire libre, competir nunha xincana no parque Rosalía de Castro, pasar a tarde na piscina ou xogar ao pádel, entre outras actividades.



Foto de grupo da xuntanza de familias de Down Lugo

Tamén houbo tempo de experimentar coa robótica nun taller no que aprenderon a programar a través de xogos ou de saber máis sobre reciclaxe a través dun divertido bingo.

Unha nova edición da xuntanza de familias

O pasado 9 de xullo, Down Lugo retomou a súa tradicional festa de familias de verán, que levaba varios anos sen celebrarse por mor da pandemia.

O lugar escollido para esta edición foi a localidade lucense de Triacastela, onde as persoas participantes puideron desfrutar dunha xornada de ocio e convivencia e participar en varias actividades.

O día comezou coa visita a unha queixería artesá na parroquia de As Pasantes, onde puideron ver como se fai o queixo do Cebreiro á maneira tradicional. Posteriormente, algunhas familias baixaron ata Triacastela facendo unha parte do Camiño de Santiago, desfrutando da paisaxe de Oribio e admirando a árbore centenaria de Ramil.

Xa en Triacastela, os mozos e mozas da entidade asinaron no Libro de Ouro do municipio e máis tarde, xunto coas familias, comeron na praza do concello.

A tarde estivo amenizada por unha actuación teatral e, ao seu remate, as persoas participantes na xornada fixeron unha pequena ruta polos montes da zona. Unha xornada inesquecible!

Tres mozos de Down Coruña desfrutan da experiencia de vivir de forma independente

Samuel, Pedro e Luis, tres mozos usuarios de Down Coruña, puideron experimentar o que significa vivir de maneira independente durante uns meses. E é que desde principios de abril ata finais de xullo gozaron da súa primeira experiencia de convivencia de longa duración fóra do fogar familiar.

Por fin, tras os ensinos de anos anteriores, puideron poñer en práctica nunha vivenda todo o aprendido: xestionaron os seus espazos, organizaron o tempo libre e conviviron cos seus compañeiros saíndo da zona de confort das súas familias.

A pesar dos nervios iniciais, non tardaron moito en adaptarse á súa nova situación e conseguiron conciliar a súa vida laboral co seu novo fogar, facéndose cargo de distintas tarefas como facer a compra semanal, cociñar, poñer e recoller lavadoras ou xestionar o seu tempo, entre outras. En definitiva, conseguiron levar con éxito unha vida completamente independente.

Profesionais da asociación estiveron acompañándoos neste paso inicial para que poidan seguir o seu camiño cara a outras experiencias nun futuro, como pode ser vivir de maneira autónoma no fogar familiar ou no seu propio fogar.

Foron uns meses motivadores, gratificantes e cheos de aprendizaxes, experiencias, risas e afianzamento da súa identidade libre de estereotipos. Parabéns, rapaces!



Membros de Down Coruña fan a colada en vida independente



Membros de Down Ourense no seu posto de traballo en Galfor

Mozos e mozas de Down Ourense traballan como azafatos e azafatas no evento polo 50 aniversario de Galfor

O pasado 17 de xuño, a empresa do sector da automoción CIE Galfor celebrou o seu 50 aniversario nun evento no que nove persoas usuarias da asociación Down Ourense participaron como azafatos e azafatas.

A empresa Organiza Nigrán decidiu contratar a estes mozos e mozas para que se encargasen de diversas tarefas de organización como o acceso ao evento a través da lectura dos códigos QR das entradas, a entrega de regalos á cativada asistente, o subministro de EPIs no stand dedicado a este tema ou a entrega de distintos recordos ás persoas traballadoras e ex-traballadoras de Galfor.

Tras unha xornada intensa e chea de novas experiencias, desde Down Ourense afirman que esta oportunidade resultou sumamente enriquecedora para todas as partes involucradas. Amosar o éxito da inclusión laboral nun evento tan significativo como o 50 aniversario dunha empresa como Galfor pon de manifesto a importancia de proporcionar oportunidades, por pequenas que estas sexan.

Teima e a Deputación da Coruña asinan un convenio de colaboración para apoiar economicamente o Servizo de Formación Sociolaboral e Emprego da entidade

A presidenta de Teima, Patricia Serantes, e o presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, asinaron a pasada semana un convenio de colaboración entre ambas entidades para cofinanciar o Servizo de Formación Sociolaboral e Emprego que leva a cabo a entidade Down.

O orzamento total do proxecto elévase ata os 113.544 euros, dos que a Deputación achega 39.823 euros, que supón o 35 % do financiamento.

Grazas a esta achega sufragaranse gastos de persoal e gastos xerais, como o arrendamento, a comunicación, o subministro de luz e auga, os seguros, o mantemento e os servizos de contratación externa como xestorías, protección de datos ou prevención de riscos.

O obxectivo da asociación na área de emprego é o de facilitar a inserción laboral das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais en empresas ordinarias. Nos últimos 20 anos acadaron resultados como a consecución de 96 contratos, un 70% de aprobados nas convocatorias de procesos selectivos de emprego público ou máis de 50 acompañamentos en formación da comunidade, entre outros.

Na actualidade, Teima atende a persoas usuarias da zona norte da provincia da Coruña, incluíndo os concellos de Ferrol, Narón, Fene, Mugardos, Pontedeume, Miño, As Pontes, Cariño, Cedeira, Valdoviño e Ares.



Patricia Serantes, presidenta de Teima, asina o convenio

Séguenos

DownGalicia.org

Facebook.com/DownGalicia

Twitter.com/DownGalicia

Instagram.com/DownGalicia

Youtube.com/DownGalicia

Flickr.com/DownGalicia

Subscríbete

Recibe a Revista de Down Galicia no teu correo!

Contacta

O Departamento de Comunicación de Down Galicia é o encargado de confeccionar, publicar e difundir todo evento ou aspecto noticioso das entidades membro da Federación. Non dubides en poñerte en contacto co mesmo no enderezo **comunicacion@downgalicia.org**.

Subvencionado por

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

Consulta a nosa política de privacidade



Encontro bilateral entre Down Ourense e Down Lugo na cidade das Burgas